

ELNOSA VELENOSA

Tamén neste número -

- EDITORIAL: A temporada de caza comeza de novo. páxina 1
- CRÓNICA: Resumo das novas de medio ambiente dos meses de outubro e novembro. páxinas 3 e 4
- O TABOLEIRO: Comunicacóns das delegacións, libros e anuncios breves, e o Gran Concurso de Debuxo ... páxina 6
- ITINERARIO: pola beiramar da Barbanza. páxina 7
- BICHOS E BOTÁNICA: O lobo, a londra e as Centaureas. páxina 8

editorial

O día 27 de outubro comezou a temporada de caza, continuando (xoves, domingos e festivos) ata o día 6 de xaneiro. Así entramos de novo nun tema que sempre foi polémico desde o punto de vista conservacionista: ¿é a caza unha actividade tradicional que fomenta o respecto para o medio ambiente ... ou é crueldade pura e dura? Sexa cal sexa a resposta, é evidente que o actual grao de control da caza é deficiente. A situación vese moi complicada polas contradicións existentes entre os tres niveis de lexislación: internacional, estatal e autonómico. Un exemplo: o estado español é firmante do Convenio de Berna, que califica como protexidas a catro especies de tordo. Na lexislación autonómica correspondente, (DOG 28.9.89), estas especies están como "cazables".

Pero máis que na lexislación en sí, o problema radica na falta de medios dispoñibles para a vixilancia da caza e a desidia e incompetencia da administración (sen criticar ós moitos individuos que fan un traballo sen tacha). O síndrome "unha escopeta, un voto" parece vivo e

coleando. Serán 120.000 os cazadores con licencia en Galicia este ano, fronte a 180.000 no 90, o que probablemente quere dicir que hai 60.000 escopeteiros sen licencia soltos por aí. ¿Sabe a maioría dos cazadores distinguir un parrulo cristado dun parrulo de lombo albar? Galicia segue sendo unha das poucas comunidades onde non hai exame para a licencia de caza, e onde esta é gratuita. En palabras do grupo coruñés Arco Iris, cobrar 2.000 ptas por cada unha das 120.000 licencias proporcionaría cartos suficientes para unha xestión axeitada da caza.

A SGHN non pode por menos que esixir o cumprimento da normativa internacional, a implantación dun "exame de caza", que se cobre a licencia e que, fronte á política de repoboación anual, se desenvolva outra baseada na protección das especies autóctonas, se é necesario cunha moratoria. Sobre todo, é imprescindible a provisión por parte da Xunta dos medios suficientes para unha xestión axeitada; é dicir, para máis personal de vixilancia e máis campañas divulgativas. Basta xa de matar todo o que voa.

a SGHN é ...

... unha entidade independente, formada en 1976, adicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten arredor de 1000 socios. ¿E que facemos?

Investigación: censos faunísticos (de aves invernantes, de mamíferos mariños, e o "Atlas de Vertebrados de Galicia"), estudos de impacto ambiental, avaliacións de contaminación ...

Divulgación: voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...

Protección: un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrución vertixinosa que está a sufrir o medio ambiente galego ...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza) e da Asamblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia. Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)
con delegacións en:

Coruña - Apdo. 825

Ourense - Apdo. 212

Ferrol - Apdo. 356

Padrón - Apdo. 16

Noia - Apdo.72


Vilagarcía - Apdo. 303

¡FAITE SOCIO! - véxase a páxina 7



PASPALLÁS é o boletín bimensual da SGHN, pero as opinións expresadas nel (aparte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación. Para a páxina "o taboleiro", aceptamos calquera anuncio breve relacionado co tema, mesmo cartas super cortas. Se tes algunha suxerencia para Paspallás, ata se queres colaborar na súa edición ... ponte en contacto.

Colaboran neste número: Agustín Alcalde, Xose Manuel Aldrey Vazquez, Guy Norman, Xose Manuel Penas Patiño e Xose Lois Rey. . Gracias tamén a GRAFITEX autoedición (tfn: 59 22 56); impreso en papel reciclado por Tórculo, Santiago; Dep. Legal: C 1590/91.



Co rexeitamento do Grupo Popular da proposta do PSG-EG para crear un parque natural nos Ancares, xa son 64 anos dende que a primeira proposta foi rexeitada polo goberno de Primo de Rivera. Mentres, o espacio natural máis importante do país segue a ser fortemente ameazado e sumamente desprotexido.

OS ANCARES 64 ANOS DESPOIS

Segundo o grupo lucense CEDE-NAT, a zona está sufrindo graves impactos a causa de talas, de apertura de pistas e de incendios moitas veces provocadas. Tres minicentrales están en período de solicitude para dentro da área definida como espacio natural nas normas de planeamento. O turismo está sen controlar e cada vez é maior, e a única zona que ten un mínimo de protección é a Reserva de Caza, que só representa unha pequena parte do espacio propiamente dito. Fronte a esta situación CEDENAT presentoulles ás autoridades, hai 9 meses, unha petición oficial pedindo un plan de xestión axeitado para os Ancares, aínda non recibiron a resposta que esixe a lei.

Hai 4 anos o goberno, daquela dominado polo PSOE, rexeitou a última proposta; aquela vez o PP apoiou a moción, tal e como fixo o PSOE esta vez. Os habitantes da zona, por outro lado, non cambiaron de opinión: seguen sen quererlo Parque, véndoo como unha ameaza ó avance económico da comarca. ¿Farán falta outros 64 anos máis para convencelos de que a protección da zona sería tamén beneficiosa para eles?

ESTRADAS MORTIFERAS

... para a fauna tamén, en palabras da Sociedade en Ourense. Nunhas xornadas sobre o tema realizadas en Madrid, estimouse que uns 10 millóns de vertebrados morren cada ano nas estradas españolas. Entre os "puntos negros", cunha mortalidade (sobre todo de anfibios) estimada en 700 animais por kilómetro por ano, está o Val do Miño nas proximidades de Ourense.



CONTAMINACIÓN A DISTANCIA

A Coordinadora Ecoloxista D'Asturies denunciou a forte contaminación causada polos vertidos que a empresa galega Europizarras S.A. está realizando no río Ageira, afluente do Navia.

CONFESIÓN DUN PRESIDENTE

Defensa da Ría de Pontevedra acusou a Manuel Fraga de fomentalo delito ecolóxico tralas súas declaracións nunha entrevista recollida na revista "Play Boy". No medio de toda aquela fotografía artística, dixo: "xa queredes eu que a ría estivese máis contaminada, pois sería signo de que hai moita industria."

espacios

ANTELA - A Sociedade pediulle á Confederación Hidrográfica do Norte a suspensión do dragado que se está realizando no río Limia e nos canais que subministran auga á zona da lagoa de Antela; a obra carece dos requisitos legais correspondentes. Esta zona húmida de especial interese foi case destruída pola expansión agrícola, quedando soamente retrincos superameazados, como as Veigas de Limia e Ponteliñares.

PICO SACRO - A finais de outubro a Xunta cedeu por fin ás esixencias do BNG e do movemento ecoloxista para declarar protexido este espacio e paralizar a canteira existente nel. O alcalde de Boqueixón, por outra banda, preguntou se a Xunta ía garanti-los 163 postos de traballo que segundo el dependen da canteira. Última hora: parece que as obras comezaron de novo.

MIÑO - Nunha reunión á que asistiron representantes dos 12 concellos afectados, realizouse un chamamento para declara-lo Parque Internacional do Miño, e fíxose fincapé nos impactos moi fortes que causan os vertidos fluviais no lado español do río, especialmente na zona de Porriño.

Sempre segundo os seus promotores, a proxectada dársena de Oza da Coruña vai incrementa-los ingresos pesqueiros desta cidade dende as 80.000 tm/ano ás 300.000. Pero como preguntou Francisco Bermejo Martínez, Profesor Emérito de Químicas en Santiago, nun artigo no Correo - ¿de onde virá ese extraordinario incremento na produción?

SOBREPESCA

Segundo fontes citadas por Bermejo, a flota costeira galega está machacando as zonas de desove e capturando cada vez tallas máis pequenas. Dentro das especies do litoral en perigo de extinción "comercial" inclúense o linguado e a lagosta. "Péscase algo ó norte de Fisterra," din algúns expertos, "sobre todo nas costas lucenses, porque de Fisterra para o sur están esgotados os caladeiros".

Neste mesmo sentido, o decreto da Xunta que regula a pesca foi suspendido polo Tribunal Constitucional a instancias do goberno central, decisión alabada polos armadores pero criticada pola maioría das confrarías. O decreto facía obrigatorio o descanso da fin de semana, e especificaba mínimos de malla e talla ... ou sexa, medidas claramente necesarias.



ESTACIÓN ORNITOLÓXICA DESTRUÍDA

Segundo o Grupo Ecoloxista do Salnés, é posible que o incendio que destrizou á estación ornitolóxica de Ares (no Grove) a finais de novembro fora provocado por persoas relacionadas con "intereses urbanísticos". O pasado verán houbo outro incendio, nunha estación de Medio Ambiente da Consellería de Agricultura. Segundo o grupo, os dous sucesos poderían estar relacionados, dada a forte especulación do solo e a proliferación desbordada da construción ilegal que existe na zona, o que leva a unha situación de plena confrontación entre os intereses urbanísticos e a protección do complexo húmido Umia-Grove-Lanzada.



ESCARAVELLOS COMECARBALLOS

Segundo un estudio encargado polo Concello de Monforte, a plaga do coleóptero *Haltica quercetorum* podería causar, de non controlarse, a práctica desaparición do carballo en Galicia. O escaravello xa se estende por gran parte do país, sendo as zonas máis afectadas o sur lugués e o suroeste ourensano. O bicho come as follas, polo cal a árbore quédase debilitada e susceptible a outras enfermidades.


CONTAMINACIÓN Á FRANCESA

Os peixes gordos da COTOP estiveron en Francia e Suiza a primeiros de outubro visitando plantas de tratamento de residuos urbanos que empregan a mesma técnica (chamada CATREL) que propoñen instalar en Galicia. O sistema está baseado na incineración dos residuos en centrais térmicas, trala separación de metais e vidro; pero parece que os técnicos das plantas galas tampouco eran capaces de demostrar precisamente como o proceso de combustión está "totalmente libre de efectos contaminantes", mentira descarada que a Xunta ven propagando desde hai un par de meses. O grupo ADEGA segue totalmente en contra da proposta, en favor da reciclaxe e o composto; tal e como fixo Greenpeace e a AGENG, o grupo advertiu contra a alta toxicidade e o elevado volume dos contaminantes que un sistema CATREL botaría ó aire.

AS AREAS DO ANLLÓNS

Tanto a Sociedade como os concellos de Ponteceso e Cabana, as confrarías da zona, e a recién formada asociación Defensa da Ría de Corme e Laxe presentaron alegacións contra as proxectadas extraccións de area no esteiro do Anllóns. Segundo as denuncias formuladas, o proxecto de extracción solicitado pola empresa "Sociedad Cooperativa Río Allosnes" afectaría gravemente a un banco marisqueiro de 600.000 m² do que viven máis de 400 familias de Ponteceso, Cabana e Laxe. Pídese que a Demarcación de Costas non autorice este proxecto que mesmo rexeita a Consellería de Pesca.





ELNOSA VELENOSA

A SGHN é tradicionalmente unha asociación máis inclinada hacia o punto de vista naturista que hacia o punto de vista ecoloxista. Sen embargo, a distinción entre as dúas interpretacións non é moi clara; ás veces pasan cousas tan preocupantes que nos decatamos de novo de que se os galegos seguimos así, non vamos ter natureza para protexer, e hai que engadir a nosa voz ós chamamentos do movemento ecoloxista galego no seu conxunto. Concretamente, o día 19 de novembro do ano en curso pechou cauteladamente as súas portas por decisión gubernativa a fábrica de cloro ELNOSA.

En palabras da Comisión Galega do Medio Ambiente, a fábrica carece das necesarias medidas de seguridade. ¿Pero por que precisamente agora? Moitos colectivos, entre os que destacan a Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra e ADEGA, levan anos loitando contra a ameaza que representa ELNOSA. ¿Como tardou tanto en chega-la decisión de pechar? Foi a propia Consellería da Presidencia quen afirmou (Voz de Galicia 13.11.91) que Pontevedra estivo en grave risco durante anos. Alucinante. ¿Como interpretar este abandono total de funcións, tanto polo goberno actual como polo anterior, senón como pura negligencia? ¿Quen lle esixirá responsabilidades? E dado o perigo que supón a fábrica, ¿como é que o peche sexa soamente cautelar? Se queremos buscar respostas, hai que facer máis preguntas. A polémica forestal galega é como un rompecabezas do cal só temos terminado a metade; ELNOSA e os riscos escalofriantes que supón para a poboación de Pontevedra non son máis que unhas poucas pezas. Sabemos moi ben quen se atopa no centro do puzzle: o grupo financeiro TORRASPAPEL, parte da multinacional KIO e socios maioritarios de Eurogalicia Forestal. Pero antes de seguir falando deles, ¿que sabemos de ENCE-ELNOSA?

Primeiro: o complexo pertence ó INI, é dicir, é unha empresa estatal; é a propia administración quen incumple a lexislación, contaminando e poñendo en risco ó público. Segundo: ELNOSA está a unha distancia dun núcleo importante de poboación inferior á permitida legalmente. Terceiro, e segundo o Instituto Español de Oceanografía, ENCE-ELNOSA verte 14,7 g de mercurio por tonelada de cloro fabricada, cando o permitido pola lexislación é 1 g por tonelada; estamos falando dun vertido anual á ría de 380 kg, co resultado que os mexilóns desta zona levan dúas veces o máximo de mercurio permitido pola CEE (isto segundo un recente estudio da Universidade de Londres). Cuarto: o complexo verte aproximadamente 7000 toneladas por ano de organoclorados, sustancias altamente perigosas e persistentes entre as cales están as dioxinas, os contaminantes máis tóxicos coñecidos pola ciencia. E cabe destacar que o novo proceso de blanqueo por osíxeno de que tanto se fala implicará, segundo Greenpeace, o vertido de cantidades parecidas de organoclorados. Quinto: o complexo consume 140.000 toneladas por ano de eucalipto e 38.000 de piñeiro, cunhas repercusións ben coñecidas para o monte galego. Sexta: a ubicación do complexo no seu día significou a creación de quizáis 1.000 postos de traballo ... e a perda duns 5.000 postos na pesca e o marisqueo. E sétimo e último: ENCE só fabrica pasta de papel e non o papel en sí, polo cal en Galicia faise o traballo de menor valor engadido e de maior (pero moito maior) contaminación.


Agora, seguindo co rompecabezas, ¿que sabemos de TORRASPAPEL S.A. e Eurogalicia Forestal? Primeiro, teñen solicitada unha aportación estatal de 50.000 millóns para a instalación da súa fábrica de papel nas Pontes. Segundo (e como indica o informe elaborado por ADEGA e publicado na súa revista deste verán), o novo complexo terá impactos medioambientais da mesma orde dos de ENCE-ELNOSA, soamente que menos visibles. Terceiro, falan en público de mercar e pechar a ENCE-ELNOSA, posibilidade apuntada por un deputado do PSOE (Voz 16.11.91) e desmentida taxantemente polo INI, pero respecto á cal a actitude da Xunta non queda tan clara.

E é aquí onde seguramente nos falta unhas das pezas claves do puzzle. ¿De que falaron o Sr.Fraga e o presidente de TORRASPAPEL, nas súas entrevistas recentes? ¿Que trataron o presidente da Xunta e o Sr.Cuevas anteriormente? ¿A que acordos chegaron? A Xunta aínda non se pronunciou oficialmente sobre se vai dar permiso ó grupo para comeza-las obras, pero parece ben claro que o van facer. TORRASPAPEL, por exemplo, prefire *Pinus insignis* ó eucalipto; ¿é pura coincidencia que, nas subvencións forestais anunciadas en outubro, a Xunta comezara a promocionar fortemente a implantación deste piñeiro?

Evidentemente, a actitude da administración hacia ó asunto ELNOSA vai moito máis alá dunha preocupación pola saúde pública. Fronte a esta situación, a SGHN ten que manifestar, primeiro, que apoia de modo inequívoco ás esixencias da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra para o peche definitivo e inmediato de ELNOSA. Segundo, que está totalmente en contra da ubicación de Eurogalicia Forestal nas Pontes de García Rodríguez ou cualquera outra localidade galega, e en xeral en contra da actitude neglixente do goberno galego fronte á contaminación industrial. Terceiro, solicita que a Xunta poña fin á súa política forestal actual e que subvencione soamente a repoboación con especies autóctonas. Finalmente, entendemos que nin o sistema xudicial nin o administrativo vixentes protexen suficientemente ó cidadán no seu ben máis precioso, a saúde, fronte ós intereses do capital.






o taboleiro



**AVISTAMENTOS e
VARAMENTOS de
CETACEOS, FOCAS
ou TARTARUGAS
MARIÑAS ...**

Se ves un destes
animais, vivo ou
morto, chámanos ou
escribenos cos
detalles.




¡GRAN CONCURSO DE DEBUXO!

¿Tes entre 8 e 16 anos?
Pois colle un rotulador
negro, e ponte a pensar no
tema: "Contaminación" ... do
aire ou das augas, da terra
ou do mar, a contaminación
en sí ou os seus efectos -
¡con tal de que non sexa
copiado dun libro, todo
val! O teu debuxo ou deseño
debe ser da metade dunha
folla A4, e debe chegar á
SGHN en Santiago antes do
día 15 de xaneiro. Publi-
caremo-los mellores en
"Paspallás" e haberá como
premio un Manual de Orni-
tología.



¡SOCIO - O TEU PAÍS TE NECESITA!

A Sociedade non é
máis que a suma dos
esforzos dos seus
socios. ¿Ti que
podes facer?



...¿Tes amigos? Pois
convence a algún para
facerse socio.

...¿Tes un par de horas
libres á semana? Pois
vaite á túa delegación, e
pregúntalles como podes
axudar.



Publicado recentemente...:

Actas do Primeiro Con-
greso Galego de Orni-
tología, editado por
A. Fernández-Cordeiro e
J. Domínguez; pvp 2.200
ptas.



Dispoñible da
delegación de
Ourense ...
Informe sobre os
incendios fores-
tais en Galicia,
ano 90.

Da SGHN en Santiago
...

**SE QUERES COLABORAR CO CENSO DE AVES
INVERNANTES 91/92, SOLICITA
INFORMACIÓN NA TÚA DELEGACIÓN.**




novedades de Xerais ...


ILLAS DE GALICIA
por Estanislao Fernández
de la Cigona; edición de
peto, 1.650 ptas ...
inclúe as Cíes,
Sálvora, Tambo, San
Simón e Cortegada.



... e **GUÍA DAS PLANTAS
CON FLORES DE GALICIA,**
por Xosé Ramón García;
dous volumes,
2.450 ptas cada un.



40 páxinas
250 ptas



itinerario: PEDRAS e LAGOAS da BARBANZA

Asentada entre as rías de Muros-Noia e a de Arousa, a península da Barbanza reúne na súa costa un importante cinturón de lagoas litorais e numerosos vestixios do noso pasado. Collemos as botas e a mochila e ... ¡imos alá!

O noso punto de partida é o **Castro de Baroña**, asentado sobre un pequeno promontorio; mostra, tra-la súa reconstrución, restos de vivendas circulares e unha dobre muralla de defensa. Aquí, dende o alto dos acantilados, tes boas posibilidades de ver algún grupo de arroaces. Continuamos ... en dirección a Riveira, a 5 km do Castro, atopamos a aldea de Xuño, onde nos desviaremos en dirección a Seráns. Logo tomamos-la primeira pista á dereita, que nos levará ás **lagoas de San Pedro e Muro**. A primeira é menor e moi poboada de vexetación; a segunda é maior e de auga salobre. Aquí poderemos observar pitas de auga, alavancos, rascón, parulo chupón, pato asubión, garza ... ¡o con sorte algún ciño! Nos complexos dunares que as rodean, vítimas da extracción ilegal de area, pódese atopar ó sapo de espora. Retomando a estrada principal, pronto pasaremos a aldea de Oleiros e o cruce á esquerda que leva á Póboa do Caramiñal. Poucos metros máis adiante tomaremos unha estrada á dereita, para ir ó **dolmen de Axeitos**, un dos monumentos megalíticos mellor conservados de Galicia. Atópase inmerso nun bosque mixto, no que aínda se conservan algúns bos exemplares de *Quercus*. Seguindo de novo, sempre en dirección a Riveira, atravesamos-la vila de Carreira para chegar a Aguiño. Entre as primeiras casas desta vila hai un cruce que tomaremos á dereita. Tras uns 2 km hai unha pista á esquerda que nos leva ó noso último obxectivo: a **lagoa de Montevixán**. Ademais dunha abondosa avifauna, poderemos observar dende aquí a longa praia do Vilar que enlaza coas dunas de Corrubedo. ¡Pero isto é para outra día!

FICHA DE INSCRICION

(FOTOCOPIALA,
RECORTALA E MANDALA
Á SGHN, APDO 330 SANTIAGO)

Nome: _____

DNI: _____

Nacido/a en: _____

o día: _____

Enderezo: _____

Profesión: _____

Categoría de socio (A-F): _____

Areas de interese: _____

CATEGORIAS DE SOCIO

- A: Plenario - 2000 ptas
- B: Infantil (ata 12 anos) - 500 ptas
- C: Xuvenil (ata 18 anos) - 1000 ptas
- D: Estudante - 1200 ptas
- E: Familiar - 3000 ptas
- F: Protector (toda a vida) - 100.000 ptas

DOMICILIACION

Banco / Caixa: _____

Sucursal: _____

Nº da conta: _____

Sr. Director do Banco / Caixa de Aforros:

pregollé admita os recibos que no
sucesivo lle remita a Sociedade
Galega de Historia Natural,
dende a data: _____

Sinatura: _____



bichos...

Mammalia, Mustelidae

LONDRA: *Lutra lutra*

Habitats: Sobre todo ríos, pero tamén lagos, marismas e costas abrigadas.



Identificación: É un dos mustélidos máis grandes, que pode supera-lo metro de longo, e a súa cola grosa e rematada en punta é característica.

Observación: ¡Extremadamente difícil! O que podes facer é busca-los seus excrementos: están cheos de espiñas de peixes, e adoitan estar en sitios moi visibles, sobre pedras ou troncos caídos. Despois, cando sabes onde está, vaite alí ó amencer ou ó solpor e ... ¡paciencia!

Distribución mundial: Europa, Asia e o norte de Africa.

Distribución en Galicia: Moi extendida.

Situación: Polo resto de Europa o seu número está, case sen excepción, moi reducido, mentres que aquí aínda sobreviven pobacións moi boas. Sen embargo as cousas poderían cambiarse rapidamente; é unha especie moi sensible á contaminación fluvial e á destrucción da vexetación das ribeiras, e estes son impactos que están sufrindo os ríos galegos diariamente.



LOBOS

Aínda non hai novas do Plan Especial, anunciado pola Xunta hai meses, para a protección desta especie estrela da natureza galega. O plan fa supoñe-la indemnización ós gandeiros afectados, e dependía dunha subvención da CE. Mentres tanto Santiago Bas López, biólogo asesor da Federación Galega de Caza, sinalou nunha carta ó Correo que se mataron dous lobos en Mazari-cos en setembro ... baixo a tapadeira dunha batida autorizada ó xabarín.



Dicotyledones, Compositae

As **CENTAUREA**

As especies deste xénero son como cardos pero sen espiñas nas follas; adoita se-la forma das brácteas (as placas espiñosas que arrodean a flor) o que as diferencian.

Hai varias especies comunes, pero son tres as *Centureas* que se atopan en Galicia e en ningún outro país do mundo ...

Centaurea corcubionensis (Láinz, 1967) ten as flores rosadas e chega ós 50 cm de altura. Só se coñece nalgúns puntos da Costa da Morte, en toxeiros e uceiras ó lado do mar.

Centaurea borjajae (Valdés-Bermejo et Rivas Goday, 1980) ten as flores tamén rosas, e só se coñece arredor dos acantilados do concello coruñés de Cedeira.

Centaurea ultreiae (Silva-Pando, 1987) é moi parecida a *C.borjajae*, pero ten as flores amarelas; esta especie atopase nas beiras de camiños e está estrictamente ligada a substratos serpentínicos; coñecese nunha localidade do interior da provincia da Coruña.

Ningunha das zonas onde se atopan estas plantas ten algún grao de protección especial, é están ameazadas polo lume, pola destrucción do seu hábitat e, desgraciadamente, polo coleccionismo.

Moralex - ¡Non colas flores silvestres a non ser que estas 100 por 100 seguro que se trata dunha especie común!

... e botánica